

Diglosia e literatura vasca

Jon Kortazar

[Recibido, xuño 2006; aceptado, setembro 2007]

RESUMO O artigo pretende aplicar á literatura escrita en lingua vasca os principios contidos no libro de Antón Figueroa *Diglosia e texto* e comprobar se o modelo que resulta operativo en literatura galega é ou non aplicábel á literatura vasca. En principio pode afirmarse que a expresión literaria nunha lingua diglósica presenta unha serie de características paralelas no caso galego ou vasco, pero que algunhas delas se dilúen no momento en que se consolida un sistema literario e se achega á normalización da literatura realizada en lingua minoritaria.

PALABRAS CLAVE: literatura galega, literatura vasca, diglosia, texto, discurso.

ABSTRACT This article attempts to apply the principles expounded in Antón Figueroa's book *Diglosia e texto* to literature written in Basque, and to determine whether the model which is valid for Galician literature is applicable to Basque literature. At this stage it would appear to be possible to state that literary expression in a diglossic language displays a set of common characteristics, whether applied to Galician or Basque, but that some of them lose relevance when a literary system becomes viable and the normalization of literature written in the minority language is achieved.

KEYWORDS: Galicien Literature, Vasque Literature, diglossia, text, discours.

Lan hau Galiziako lagun guztiei eskainia dago: Kikeri eta Loliri, Marilar eta Ramoni, Rafisari, Arturori eta Irisi, Inmari, Manueli, eta Helenari haiekin ikasitako guztiarengatik.

En 1999 coñecín, por mediación de Dolores Vilavedra, o libro *Diglosia e texto*, de Antón Figueroa, libro que me produciu unha fonda impresión. Como saben, nel estúdase a pegada que a situación diglósica imprime á literatura nunha lingua minoritaria, neste caso a galega, pero fixándose no caso provenzal, seguindo a Ph. Gardy e a R. Lafont.

Na primeira lectura do libro puiden darme conta de que algúns dos presupostos básicos podían aplicarse á literatura escrita en lingua vasca case sen

esfuerzo e que a posibilidade de reflexión sobre o que sucedía no sistema literario vasco podía describirse dende as posicións teóricas e metodolóxicas propostas no libro de Antón Figueroa, que partían dunha base sistémica, para se desenvolver nas teorías da recepción e da configuración da importancia do lector na recepción e recreación dunha literatura.

Realicei unha adaptación do texto de Figueroa, en teoría da literatura oral, diríamos que unha versión, á actual literatura vasca, co fin de reflexionar sobre o feito de que esta aproximación podía ser válida ou non ao caso vasco. Escribín ese ensaio de adaptación das teorías sistémicas ao caso vasco o verán do ano 2000, e o breve libro *Diglosia eta euskal literatura* [Diglosia e literatura vasca] publicouse o ano 2002, despois dalgunhas dificultades, todo hai que dicilo, para a súa publicación.

62

O que presento neste artigo é unha tradución adaptada dese libro, unha nova versión. E quereda remarcar o seu campo de reflexión. Non pretendemos ofrecer novas perspectivas metodolóxicas, nin novidades no campo da teoría da literatura. Queríamos aplicar un modelo xa preestabelecido e establecer a súa operatividade, posto que o campo literario vasco e o campo literario galego non son uniformes e as distintas diferenzas poden servirnos para reflexionar sobre o modelo operativo descrito por Antón Figueroa no seu libro, que se converte, como dixemos, en guía deste camiñar en torno á proximidade e diferenza dos dous sistemas literarios.

Non realizarei, agora na introdución, unha presentación mínima do campo literario vasco, porque a súa configuración irá revelándose ao longo destas páxinas.

Para un comezo na reflexión

Unha das preguntas máis frecuentes que un escritor en lingua vasca debe soportar nas súas entrevistas xornalísticas, é unha pregunta tópica: “Por que escribe Vde. en éuscaro, en lingua vasca?”. Quizais sexa un síntoma de normalización o feito de que cada vez se realice menos esa pregunta. Pero está claro que é unha pregunta que todos os escritores en linguas minorizadas oíron algunha vez nas súas vidas. As respostas poden ir dende o irónico ao serio. Recordo a resposta de Gabriel Aresti (1933-1975) á pregunta do daquela Secretario de Cultura e Turismo que lle entregaba un premio: “E vostede

señor Aresti, por que escribe en éuscaro, se escribindo en castelán podería ter un público máis amplo?”. Resposta: “Se só quixese público, escribiría en chinés”. Pero non todos son Gabriel Aresti, e debemos conceder que a decisión de escribir nunha lingua depende de factores diversos que non poden obviar a evidencia de que a literatura é un sistema social, e o escritor que decide escribir nunha lingua minorizada decide integrarse nun sistema literario que forma parte do capital simbólico dunha sociedade e que se encadra dentro dun sistema de sistemas.

Pero a pregunta pode facerse dende outro punto de vista: elixir unha lingua e, consecuentemente, a integración nun sistema literario e nun sistema simbólico coas súas vantaxes e desvantaxes, ten consecuencias na propia escritura do creador literario? Durante os últimos anos, os escritores en lingua vasca viñeron defendendo que daba o mesmo escoller unha lingua de creación ou outra, que a lingua de creación elixida non ten consecuencias no produto estético final. Dende logo, a existencia doutro tópico que se estende dende a lingua maioritaria e que pode describirse burdamente na fórmula “o éuscaro non é capaz de crear grandes obras literarias, porque o seu cultivo foi fundamentalmente oral” ten ramificacións amplas e moi coñecidas: non pode explicarse física en éuscaro, o éuscaro non é apto para explicar informática e un longo etcétera que marcaría unha fronteira de prexuízos entre a lingua dominante e a dominada. Por iso, xa que se pode explicar informática e física en lingua vasca, os escritores afirman tamén que a lingua é apta para a creación literaria moderna, e o caso de Bernardo Atxaga, Premio Nacional de Narrativa en 1989 por *Obabakoak*, vén probar na práctica o aserto. Non entrarei agora nas implicacións que unha afirmación así realizada deixa de lado, como o feito da existencia ou non dunha tradición literaria, do debate entre tradición e modernidade, nas implicacións dunha afirmación tan absoluta, pero si subliñarei a hipótese que subxace no libro de Antón Figueroa. Paréceme que unha das teses que sustenta o libro parte da afirmación que a elección da lingua galega para a creación literaria ten consecuencias na factura desa creación, de forma que, e esta paréceme unha das súas utilidades especiais, o escritor deberá tomar conciencia das trampas e perigos que a lingua minorizada impón na práctica dentro do sistema literario e da comunicación entre escritores e lectores. Sosteo polo tanto, que o libro mostra que a elección dunha lingua literaria non é un asunto lixeiro, senón que a creación nunha lingua determinada pode producir algunhas características que poden obxectivarse e describirse dentro do sistema literario.

Esta reflexión encádrase, pois, nas análises que insisten no proceso social da literatura:

A noción de sistema agroma dende a conciencia da necesidade de renovar os estudos literarios e dende a vontade de atopar un novo paradigma epistemolóxico que se pretendía empírico e funcional fronte ao carácter histórico-hermenéutico do paradigma no que tradicionalmente se viñan xerando ás teorías literarias. Inspirado polas achegas feitas dende disciplinas como a semiótica da cultura (de Iuri Lotman), a socioloxía literaria de Pierre Bourdieu, a teoría polisistémica de Itamar Even-Zohar [...] o que aquí imos denominar criterio sistémico presupón a consideración da literatura como un conxunto ou rede de elementos interdependentes no que cada un se define fronte aos restantes, isto é, pola función que desenvolve na devandita rede. E na medida en que a literatura se comporta como calquera outro sistema de signos organizado socialmente, insírese en sistemas máis complexos como o da cultura (Vilavedra, 1999).

64

Ben é certo que, na mesma forma, penso que os procesos literarios son procesos históricos, de maneira que nunha literatura que vai pouco a pouco normalizándose, irá limitando os efectos que a diglosia produce dentro do seu sistema. É probable que a reflexión que ofrece Antón Figuroa deba repensarse dentro da evolución histórica da sociedade que sustenta o sistema literario, e, sobre todo, observarse dende a evolución que a escola teña dentro da sociedade. Creo posuír a intuición de que unha das principais diferenzas entre o caso vasco e o galego pode acharse na distinta posición que a escola na lingua minorizada ocupa en ambos os dous sistemas, e en algo máis sutil, pero non menos importante, a relevancia concedida á lingua propia, a conciencia de ser posuidor dunha lingua, de se sentir orgulloso dela, que cabe supoñer aos falantes e lectores dentro do sistema literario.

Pode apuntarse que o carácter dinámico da historia da normalización fai que algúns dos trazos descritos por Antón Figuroa perdan o seu carácter de relevancia dentro do sistema. Pero veremos máis adiante cal me parece que pode ser un dos seus puntos débiles.

Nove características

Aínda que o libro que nos serve de acicate intelectual ten como centro de atención as relacións entre autor e lector real dentro dun sistema literario

realizado en lingua minorizada, existe unha posibilidade de lectura algo máis pedagóxica e simplificadora. É dicir, aquela que resume a achega do libro a nove características fundamentais nas que se resume a influencia da diglosia na creación literaria. Enumero esas características e resúmoas.

- 1) A falta de distinción entre texto e texto literario. Unha das características básicas do sistema literario vasco consistiría na aceptación dentro da literatura de textos sen maior importancia dende o punto de vista de creación literaria.
- 2) O texto na historia da literatura en lingua vasca. A historia da literatura seguiu unha evolución, non só porque nun principio recollía entre as súas páxinas textos non literarios, senón, porque tampouco tiña claro que facer coas gramáticas, ou outros textos lingüísticos, ou cos textos escritos en castelán.
- 3) O desequilibrio entre as formas tipolóxicas do espazo e do tempo. A valoración do pasado –ás veces dun pasado mítico– adoita instaurarse como unha das formas preferidas por estas literaturas.
- 4) A importancia concedida aos elementos folclóricos, etnolóxicos e mitolóxicos. A instauración dentro do sistema de formas orais –esa é unha das características que se supoñen que define a literatura vasca– e etnolóxicas define tamén o sistema.
- 5) A tendencia á filoloxización. A lingua normalizada é o primeiro paso dentro dos obstáculos que se atopan dentro da creación literaria en lingua minorizada; a recreación de rexistros que non se producen na realidade sociolingüística da lingua pode supoñer o segundo reto; a boa utilización dos rexistros, o terceiro, se se acepta esta visión evolutiva dos elementos estilísticos (non utilizo conscientemente o termo “lingüísticos”) presentes na creación literaria en lingua minorizada. Por iso ás veces, a lingua individual ou persoal do autor intenta remedar as carencias sociais da lingua, por medio dunha filoloxización.
- 6) A importancia neurótica concedida á lingua. É unha característica que viría no camiño da anterior.
- 7) A falta de horizontes de expectativas. A confusión no horizonte de expectativas creado polo autor e a recibida polo lector determina unha das hipóteses fundamentais no libro que seguimos.

- 8) A falta de traxectoria nos escritores. Un elemento que se configura en torno á profesionalización ou á dedicación literaria, conxuntural ou firme, dos autores en lingua minorizada.
- 9) A indefinición entre o sentido épico e o sentido lúdico. A posibilidade da ironía e o xogo (tamén no mesmo sentido da estética posmoderna) estarían en conflito nunha literatura que prefire o sentido épico das súas formulacións...

Estes nove mandamentos resúmense nun só: a dificultade creada pola situación diglósica da lingua de creación, da comunicación normalizada entre autor e lector. Dende agora observaremos as nove características no desenvolvemento xeral da historia literaria vasca.

A falta de distinción entre texto e texto literario

66

No comezo mesmo da aplicación do esquema de pensamento ao sistema literario vasco, debe sinalarse que esta característica ten máis que ver co punto segundo, é dicir, coa percepción da literatura e da súa definición, que realizaron os historiadores da literatura –que cumpren o papel de canonizadores– que coa práctica literaria actual. En calquera caso, paga a pena deterse nos dous aspectos do tema.

Realmente, o que Antón Figuerola subliña con respecto ao tema é a ausencia en literaturas de linguas minorizadas dunha “matriz social” que defina, coa claridade que dá sempre a vida da actualidade, é dicir, con debates e combates literarios, a marxe e a fronteira entre un texto informativo e un texto simbólico, entre un de carácter primario e outro secundario.

A definición do que debe considerarse literario no sistema vasco non estivo clara dende o principio da definición histórica da literatura vasca. De feito, esta literatura, para ensinar a súa existencia, definiuse a si mesma por medio da acumulación de materiais de distinto cariz, é dicir, desde unha conciencia enciclopédica, acollendo todo dese a impresión de ser algo, de maneira que todo o que se escribiu na lingua (e nalgúns casos, acerca dela). A xeito de exemplo, unha das primeiras historias da literatura vasca, a do pai Luis Villasante (*Historia da literatura vasca*, 1961) reunía os nomes dos creadores en lingua

vasca así como a dos filólogos que se ocuparon dela, aínda que a súa obra, evidentemente non literaria, fose escrita en linguas que non foron o éuscaro, pero tamén incluía filólogos alemáns e checos, que escribiron a súa obra nas súas linguas.

Este exemplo serve ben ás claras para mostrar a indefinición entre texto e texto literario. Historicamente, a definición de literatura vasca foi problemática, e de xeito especial cabería realizar os seguintes apuntamentos:

- Como considerar producións como as traducións dos catecismos e doutrinas cristiás que se producen dende o século XVI, e que compoñen unha parte importante da tradición literaria vasca?
- Como considerar a tradución da Biblia levada a cabo por un equipo de tradutores reunidos en torno a Joanes de Leizarraga, que publicou a tradución dunha Biblia protestante en 1571?
- Como avaliar produtos literarios que no seu momento se consideraron literarios (existe como non podía ser doutro xeito, unha nutrida literatura relixiosa e ascética) e que agora non entran no canon dos xéneros? É dicir, a diversa consideración dos xéneros resulta operativa na reflexión sobre o que é literario ou non en lingua vasca.
- Como considerar as producións gramaticais do Padre Manuel Larramendi (século XVIII) quen a través do seu traballo impulsou a escritura en lingua vasca dos escritores xesuítas?
- Como incluír o traballo de Sabino Arana, pai do nacionalismo vasco, impulsor da lingua e a literatura vasca, pero a obra do cal está principalmente escrita en castelán? Piadosamente, os críticos consignan os seus (malos) poemas como creación literaria, servíndolles, servíndonos aos críticos como escusa para incluílo na nómina de escritores vascos.
- Outra das fronteiras difíciles de crear é a que existe entre literatura oral e literatura culta. As fronteiras nunca foron nítidas, e menos durante o século XIX, no que precisamente se confundiron os termos. A literatura vasca é unha literatura predominantemente oral, até o século XVI. Cabería distinguir entre xéneros, por exemplo, o bersolarismo, que nestes momentos mantén unha presenza importante, e os textos producidos. Sei tamén que nestes momentos en que a posmodernidade define de xeito menos claro a oposición entre alta cultura e cultura de masas, as fronteiras entre os xéneros son máis permeábeis e esvaecéronse as marxes, de maneira que a

hibridación é unha das constantes máis claras na produción literaria. Pero o problema en literatura vasca é que non é unha característica que atenda só ao tempo actual, senón que pervive dende o romanticismo, foi apoiada polo simbolismo, coa súa doutrina da continuidade entre lírica popular e expresión culta da poesía, e até o momento presente a literatura oral do País Vasco mantivo unha presenza estábel no canon culto. Outra cousa distinta é a presenza na posmodernidade doutros elementos da cultura de masas, como os cómics, o cinema ou a música pop...

A obxección que pode realizarse a esta proposta de característica é dobre.

- Por un lado atinxe á teoría dos xéneros e á evolución do seu concepto. É dicir, o que pode ser considerado literatura no século XVII (unha obra de ascese espiritual) pode ser non considerado literario hoxe, e selo no seu tempo, de maneira que os tres xéneros maiores, narrativa, poesía e ensaio, se manteñen con certa homoxeneidade até hoxe, pero poden existir dúbidas con respecto á operatividade dos subxéneros. De feito, no mundo do que chamamos “Literatura clásica vasca”, en realidade literatura vasca dos séculos XVI ao XIX, existe un pequeno debate sobre o que debe entenderse por literatura. Existen dúas posturas, unha que toma a decisión de incluír nela todo o escrito en lingua vasca, incluídas as traducións de catecismos ou libros relixiosos, e outra, máis pechada, que ten en conta só o producido nos tres grandes xéneros. A posición, non obstante, non é en absoluto simple, posto que dende o punto de vista da metodoloxía dos polisistemas, o estudo das traducións relixiosas á lingua vasca resulta esclarecedor para a construción do que os historiadores da literatura vasca como Ibon Sarasola, primeiro, e Jon Juaristi despois, definiron como unha presenza ininterrompida da ideoloxía tradicionalista e da súa transmisión na literatura vasca, dende o século XVIII. Pero témome que se ben a teoría dos polisistemas pode axudar á comprensión de fenómenos culturais, neste punto o exame da influencia da diglosia na literatura vasca atense ao campo da configuración do canon.
- Dende o punto de vista da normalización literaria. É dicir, quizais antes non estaban definidos os campos literarios ou non literarios, pero todos sabemos que dende as promulgacións das Leis de Normalización lingüística, vasca, catalá e galega, a literatura se normalizou.

Pero se nos atemos a un dos debates máis espiñentos na literatura vasca actual, é dicir, un debate, na pluma do escritor Iban Zaldúa, que intentaba

deslindar o literario do non literario, por exemplo, a narrativa da narrativa de consumo, poderemos darnos de conta que o deslinde do que se considera “matriz social” e a súa consecuencia, é dicir, a configuración dun mundo literario simbólico con distinción da narrativa de consumo, non pode, non puido, deslindarse no sistema literario vasco. E non só pola influencia da posmodernidade da que falei antes, senón por outro tipo de razóns, como o recordo de que o que está escrito en éuscaro é, en certa medida, literatura vasca. De feito, a crítica vasca, que está empeñada nestes momentos no que chamamos a “internacionalización” da literatura vasca (por medio de premios e traducións), di moi pouco da calidade dos libros. Descríbeos, pero non os valora, e menos criticamente, vale dicir, negativamente. Así a distinción entre nivel simbólico e nivel informativo non está aínda asentada, nin, probabelmente, o estará até que pasen algúns anos. Os textos son agora textos narrativos, non só textos escritos en lingua vasca, ou filolóxicos, pero con respecto a eles cabe seguir coa verdadeira discusión que formula Figueroa, se se trata de textos literarios ou simbólicos:

Hai tendencia á confusión de sistema primario e sistema secundario, e, dentro deste último, a confundir texto e texto literario (Figueroa, 1988: 23).

69

É posíbel que neste punto esteamos a entrar no problema da canonización, pero creo que non é o caso que formula Figueroa, senón que se fala dunha sorte de creación dun sistema simbólico que pode ou non ser descuberto dentro das matrices sociais, e deberíamos atender a esta cuestión en si mesma: é dicir, examinar o caso dos produtos literarios e ver se se encadran ou non dentro dun proceso de simbolización, ou, pola contra, se sitúan dentro dunha sorte de creación literaria de segunda orde. A este respecto cabe sinalar que moitas obras publicadas en lingua vasca merecen unha atención na prensa no momento da súa aparición. Non obstante, esas mesmas obras non rematan quedando na memoria dos lectores e desaparecen da memoria colectiva con gran facilidade. A ecuación, descompasada, desequilibrada, entre publicidade e memoria serviría para reflectir un dos elementos de discusión que sinala Figueroa no seu tratado.

O texto nas historias da literatura en lingua vasca

Comezaremos anotando a razón pola que as literaturas minorizadas posúen unha tendencia á conservación de todos os textos:

Esta mesma confusión vese incrementada pola tendencia a “conservar” textos que nunha situación normalizada non serían probabelmente apreciados. Isto leva a unha especie de prometeísmo real que ten a súa lóxica: un texto constitúe un factor de resistencia fronte a lingua A, e por iso tenden a conservarse todos (Figueroa, 1988: 23)

Os exemplos que ofrecemos no apartado anterior ilustran de xeito claro que tipo de textos se conservan nas historias de literatura vasca, e aludimos tamén á utilización dun concepto de literatura para incluír ou non os textos nas historias literarias. Se o caso do padre Villasante (1961) pode ser máis claro e extremo desa tendencia á conservación, o resto de historias da literatura en lingua vasca tenden á conservación. Esa especial tendencia á que poderíamos chamar enciclopedia dos textos mantense nas historias máis modernas. No momento da unificación da lingua vasca (1968) produciuse unha tendencia á fetichización dos modelos de lingua que se querían exemplares para a creación da lingua unificada, de maneira que os clásicos dos séculos XVII (fundamentalmente Axular, e a súa obra *Gero*) foron reeditados, pero sobre todo, foron imitados nas novas creacións literarias. De maneira que escritores con pouco pouso simbólico serviron de modelos de linguaxe da literatura creada durante eses anos.

70

O debate sobre que é ser un clásico e sobre o canon da literatura vasca non se desenvolveu con frecuencia. Como dicíamos antes existe a tendencia a conservar, a tendencia a delimitar campos, excluindo do canon, por exemplo, os devocionarios e os catecismos, pero non existe unha clara determinación en aceptar unicamente as obras literarias en si mesmas.

O desequilibrio entre as formas tipolóxicas do espazo e do tempo

Hai tendencia á desorganización espacial e temporal dos dispositivos tipolóxicos que esixen e condicionan a constante renovación dos presupostos estéticos. En consecuencia haberá tendencia a servirse de “valencias” alleas ao tempo ou ao espazo nos que o texto de feito aparece (Figueroa, 1988: 23), escribe Figueroa para dar conta dun fenómeno que se vai recreando na literatura en lingua minorizada. O proverbial atraso no cultivo das estéticas pasa a ser unha das características principais das nosas literaturas. Chegamos tarde ao Renacemento, tarde ao Barroco, tarde ao Romanticismo. Tivemos tarde a pri-

meira novela, e tardía é a creación dunha escola en lingua propia. Quizais a única excepción sexa a Ilustración do século XVIII, onde a literatura vasca foi contemporánea coa que se producía en Francia, e os logros políticos e económicos dos Caballeritos del País eran revolucionarios para o seu tempo.

Mencionamos xa como os historiadores de literatura vasca Ibon Sarasola e Jon Juaristi facían mención da importancia que a relixión e o tradicionalismo tiveron no desenvolvemento da literatura vasca, de forma que se traballou como unha forma de contención do liberalismo. Esta actitude antiliberal marcou toda a literatura vasca do século XIX, co que a reacción fronte ás estéticas modernas propostas pola burguesía tardaron en chegar á práctica literaria. Si que existiu algunha publicación liberal (no País Vasco francés), pero o seu carácter marxinal deixa ver ás claras as dificultades que tivo tal literatura para ser admitida como “normal” dentro do sistema. Os tradicionalistas e integristas mantiveron unha clara tendencia hexemónica dentro das letras vascas, e as excepcións como as dos poetas Indalecio Bizcarrondo “Billintx” (1831-1876) e a dos membros da chamada Escola de San Sebastián (finais do século XIX), desta forma, a primeira novela vasca adscíbese ao xénero histórico, pero axiña, o mesmo autor, Domingo Agirre (1864-1920), publicará en 1906 e 1912, dúas obras costumistas. A aparición tardía da novela e a súa adscrición ao costumismo son dous dos exemplos básicos, que se citan sempre, como forma de mostrar esa especial tardanza na chegada das estéticas literarias.

71

O certo é que os comentarios que realizamos neste traballo, teñen tamén a súa parte débil, a súa zona criticábel. Estámonos a referir de forma habitual á situación da literatura vasca que se formou até e sobre todo, no século XIX e primeiros anos do XX. Pero iso é auga pasada na actual situación da literatura vasca. É verdade que a literatura vasca se atopa nunha situación social como a que nunca coñeceu antes, tanto en calidade coma en cantidade de publicación, a entrada da lingua na escola, e a escolarización dos nenos, unido á profesionalización das editoriais e de algúns –moi poucos– escritores, ao nivel de capacidade de lectura –aínda que se sospeita que a maioría dos lectores se atopa na escola–, á cada vez maior tradución dos libros de literatura vasca a outras linguas, e a titulación en Filoloxía vasca creada nas universidades, un cúmulo de elementos positivos fai que a literatura vasca se atope nun lugar que non coñeceu. Algún dos seus escritores crea ademais tendencia estética noutros sistemas literarios. Por iso, cabe argumentar nestes momentos unha presenza “atrasada”, a vinculación da literatura con esquemas estéticos atrasados?

Hai dúas notas que quixera subliñar na definición desta característica:

- A presenza das vangardas históricas en poesía. Cando a liña hexemónica se define en torno a unha poesía de liña clara, e, aínda que a presenza da vangarda non se extinguiu noutras latitudes, a poesía vangardista vasca ten unha presenza importante na configuración de mundos estéticos.
- A creación, sobre todo en poesía, pero non só na lírica, dun mundo estético moi vinculado coa literatura comprometida coa idea de nación e de identidade é tamén no caso do País Vasco maioritaria. Koldo Mitxelena chamou a esta corrente “nigar haria”, o fío do lamento, lamento sobre a falta de independencia no País Vasco. Sei que esta referencia pode existir tamén no ámbito creador doutras literaturas.

72

Estas dúas constantes mantéñense con forza no mundo creativo da literatura vasca. Evidentemente podemos discutir se a pervivencia dun suposto conflito político, e a concreción nunha estrutura política, e na creación de bases simbólicas que manteñan o lamento polo que puido ser e non foi, inflúe sobre a concepción literaria, se pode considerarse a iso, periclitado ou antigo, se existe unha estética da resistencia tamén noutros sistemas literarios, quizais como o galego. Dende logo, pode pensarse que a pervivencia da vangarda histórica non é un signo de ausencia das condicións reais e presentes... Todo pode ser discutido, pero a súa presenza constante e maioritaria é o que chamaría a atención dentro do sistema literario vasco, e de paso, mostraría tamén algúns dos seus puntos máis débiles, aínda que é evidente que no momento actual a aceptación da contemporaneidade se produce con maior prontitude, pola facilidade da comunicación, pero tamén polo abandono de posicións estéticas únicas dentro do sistema, que no pasado, polo que a reflexión debe aceptar que a crítica contida nese comentario ten certa validez.

A importancia concedida aos elementos folclóricos, etnolóxicos e mitolóxicos

A importancia dos elementos orais en literatura vasca foron xa descritos neste traballo. O que significamos agora reside na importancia concedida a certos elementos da configuración estética e epistemolóxica da literatura en situación diglósica.

A importancia dos elementos folclóricos, etnolóxicos e mitolóxicos na literatura vasca resulta esencial no seu desenvolvemento histórico. Volveremos referirnos a Domingo de Agirre, o fundador da novela vasca, pero no mesmo sentido fundador dunha forma de ver o País Vasco, polo menos en literatura, porque ese xeito de mirar estaba xa fundado na política. Que escribe Agirre? Costumismo: é dicir, folclore, tempo detido, tempo circular, novela sen novela, idilio. Tempo da natureza fronte tempo da historia, costume: rito cíclico, tempo en constante repetición, paraíso fronte a cidade, forma de creación do costume e da etnografía... Folclore.

A pegada do mundo rural na narrativa vasca durou até hai moi poucos anos. Rural, o rural, urbano, o urbano, as dúas contradicións básicas da formulación narrativa no País Vasco.

A importancia do rural na creación de ambientes na narrativa do País Vasco mantivo unha presenza constante.

Figuroa escribe sobre este tema:

En todo caso, cando se fala de “ruralismo” para referirse aos textos, iso afirmase por determinadas razóns [...] non explicitamente en contraposición a “urbano”; nunca se di que un texto é ou debería ser urbano, aínda que iso mesmo parece ser un sinal que se dá por suposto (Figuroa, 1988: 89).

73

O que sucede na literatura vasca é que os textos que se sitúan na ruralidade ofrecen dúas compoñentes básicas na creación de certo mito social:

- En primeiro lugar, responde á imaxe que o nacionalismo histórico e tradicional creou en torno á identidade vasca, que se recrea no campo, no rural e non na cidade. Iso responde ás raíces ideolóxicas do nacionalismo vasco, tan próximo ao carlismo e que representou un mundo idílico, rural, en contraposición á cidade que é vista como o espazo do liberalismo e da burguesía. Os trazos premodernos do nacionalismo vasco crearían, polo tanto, unha idea ruralizante de todo o País Vasco.
- Non debe desdeñarse, en calquera caso, a presenza dominante do éuscaro en zonas rurais, mentres a súa presenza na cidade é minoritaria. Outro tanto pode afirmarse con respecto á calidade da lingua, posto que ela non mantería calidade abonda na cidade, pero si no campo. Polo tanto estilos

(máis que estéticas) que pretendían unha alta utilización dos recursos da linguaxe, situaban no campo, na ruralidade, os temas das súas narracións. Só os novelistas existencialistas (arredor da década dos 50 do século anterior) comezaron a situar os seus personaxes na cidade moderna, non na cidade costumista. Alvarez Enparantza, Txillardegi (1929) ou Gabriel Aresti (1933-1975) foron os primeiros na novela e na lírica en utilizar o espazo da cidade como compoñente espacial das súas obras.

Pero, de novo, podemos volver pensar na recreación dunha opinión que vai tomando corpo nesta reflexión. Podemos aceptar que a literatura vasca se vai convertendo en cidadá a medida que se vai normalizando, que na situación actual a presenza do campo é menor. Abondaría pensar na importancia do mundo rural n'*Obabakoak* (1988), de Bernardo Atxaga, e a súa evolución cara ao espazo na cidade en *Zeru horiek* [Eses ceos]. Pero esa opinión debe ter en conta unha relación pendular na literatura vasca, posto que o mesmo Bernardo Atxaga volveu subliñar a importancia do campesiñado e a ruralidade na súa última novela *Soimujolearen semea* (*O fillo do acordeonista*, 2003).

74

Por iso, a presenza do rural non se encadra só no século XIX e na primeira novela vasca. A tendencia cara ao idilio, cara ás belas paisaxes, os montes e os prados, o mar en calma, a paisaxe do casarío e da segunda residencia (curiosamente, e socioloxicamente, a segunda residencia para moitos habitantes do País Vasco atópase fóra do País Vasco) mantense aínda intacta na creación literaria vasca. Non só Bernardo Atxaga expresou unha querenza singular cara ao idilio na súa última novela, senón que novelas emblemáticas como *Babilonia* (1990), de Joan Mari Irigoien, novela emblemática non só polo seu nivel de vendas, senón porque aquel ano monopolizou a concesión dos premios que recaeron nela con abundancia, mostra unha querenza especial cara ao espazo rural. Ben é certo que a novela recrea novamente o conflito entre liberais e carlistas, e polo tanto sitúase nunha época en que a cidade non é determinante no imaxinario dos personaxes. Pero, con respecto a esta novela, cabe facer dúas incursións teóricas diferentes:

- Unha arredor do valor que a novela recibiu en dous sistemas diferentes. Nun caso, no sistema vasco, a novela tivo un éxito espectacular. Pero cando se traduciu, e pasou, por iso, ao sistema literario español produciuse un feito desconcertante: publicouse nunha colección de literatura xuvenil. O que mostra dúas consecuencias claras, unha, que o folclórico, etnográfico e

mítico nun sistema se vulga como periclitado e apto para un subsistema como é o da literatura para a mocidade; mentres que nun sistema non normalizado segue tendo o peso determinante, porque o rural e o folclórico se conciben como matrices simbólicas.

- A segunda, arredor da concepción histórica da novela. En *Babilonia* únense dous vectores, o etnográfico ruralizante e o histórico. Como apuntou Xoan González Millán (1991: 16-17),

Este espazo étnico, como exemplifica o caso galego, preséntase como un ámbito de confrontación no que o signo étnico intenta apropiarse dunha experiencia histórica, que por estar condenada pola súa irrepresentabilidade, ao silencio, só pode ser reivindicada de forma vicaria, é dicir, literariamente. Os produtores [...] consideran, loxicamente, o espazo textual como un instrumento privilexiado nunha estratexia de resistencia simbólica, na que xogan un papel determinante as complexas relacións entre a escrita e a reapropiación histórica dunha cultura marxinal.

Babilonia xoga as dúas bazas, recrea míticamente o espazo da ruralidade idílica (no sentido de que se sitúa fóra da cidade, aínda que, claramente representa un conflito violento na novela, os liberais veñen a invadir o País tradicional) e recrea simbolicamente o sentimento de invasión que sofre o nacionalismo vasco. A novela sitúase así dentro de dúas canles que agradan ao que podíamos chamar tradición inventada do nacionalismo vasco.

75

Aínda que *Babilonia* poida representar o espazo novelesco en que se significa:

Pódese afirmar que, en xeral, hai tendencia a elevar á categoría de ‘valencias’ elementos folclóricos, etnográficos, míticos... que suplantán o auténtico traballo estético (Figuroa, 1988: 23).

Habería que subliñar tamén a recuperación dunha versión da historia que se realiza na novela, nunha confrontación entre dous irmáns, o que supón a metáfora da guerra civil, que leva á perda a *Babilonia*, que é o nome da casa, é dicir, da supervivencia da linguaxe. Certamente, creo que as palabras de Figuroa que acabo de citar terían que matizarse: ningún escritor admitiría hoxe en día que utiliza o material etnográfico para “suplantar” o traballo estético, aínda que realmente o faga. Quizais non poida falarse de suplantación, pero si de certa tradición que sobrevalorou a importancia do tradicional nunha

lectura histórica e mítica da identidade vasca. Por citar un caso diferente, podería subliñarse a importancia que as imaxes etnográficas e folclóricas adquiren dentro do documental *A pel contra a pedra*, de Julio Médem, como proba da persistencia de certo sentido folclórico unido ao concepto de identidade vasca.

Con suplantación ou sen suplantación do traballo estético, o certo é que a importancia do etnográfico, o folclórico e o mítico –e quizais debería realizarse unha distinción máis clara entre os conceptos, vendo a súa progresión de forma que o etnográfico adquira o monopolio da representación da imaxe identitaria e se identifique co “mítico”– pervive na literatura actual.

A tendencia á filoloxización

76

Para entender correctamente este apartado tería que informarse que a unificación da lingua vasca é tardía e que só dende 1968 se poñen en marcha as bases da lingua unificada. Iso produce un debate moi intenso en torno á lingua, non só entre os partidarios do *euskara batua* (identificados cos estamentos máis progresistas e laicos, os simpatizantes dun nacionalismo refundado) e os contrarios á súa utilización (identificados co clero e cos estamentos máis tradicionais, e co nacionalismo moderado), o cal leva ao debate e á institución de novos modelos de lingua, á recreación dun canon literario, a un enfervorizado valor da gramática, á procura da rareza filolóxica. Nese momento xa se estaba a producir unha filoloxización da literatura, pero o verdadeiro debate que aflorará moi axiña é o da representación en literatura dos rexistros de lingua, os niveis sociais da lingua, e no caso extremo, a representación (sen perder verosimilitude) de rexistros sociais que non se producen en lingua vasca, e (outro debate que non fixo senón aflorar) o equilibrio entre lingua unificada e dialectos. É dicir, son os dialectos os que se falan, a lingua unificada non é senón unha gramática (e ás veces, unha gramática incompleta que contempla, sobre todo, a ortografía, a morfoloxía nominal e verbal), sen dicionario, sen caudal propio de palabras, posto que as palabras son de, están nos dialectos... Por iso, as modas e as tendencias teñen unha importancia singular, aquilo que sexa declarado *batua*, unificado, será seguido con prontitude, aínda que máis tarde se declare a súa agramaticalidade e deba volverse ao comezo.

Todos estes vaivéns ofrecen amplo campo para a filoloxización, para a extrema importancia que nesta literatura se lles dá á palabra, á filoloxía. Non

só sucede que nos centros de ensino desaparecera practicamente o ensino da literatura vasca, senón que a gramática toma o campo de estudo. Como exemplo, direi que na lenda de orixe do señorío de Biscaia, é dicir, na lenda que dá comezo mítico á entidade política, aquela que conta o arribo ás costas biscaíñas dunha princesa viquinga, sublíñase que todos os que acompañaban a princesa eran gramáticos. A liñaxe dos gramáticos acompañanos aínda.

A corrección gramatical é unha das primeiras condicións da escritura literaria, pero é difícil ser gramatical nun mundo cambiante das tendencias gramaticais, cando non se sabe que é o correcto, ou o correcto vai cambiándose con certa celeridade.

Pero ademais, a tendencia á filoloxización intervén en literatura defendendo que a “riqueza” lingüística presente nun texto representa un dos valores que debe terse máis en conta. Dende logo, habería que indicar que esta tendencia alcanza aos escritores de hoxe en día. Se a influencia determinante da situación diglósica se podía ver nos libros vascos, cando se editaban de forma bilingüe, e desa forma, en tempos da II República española, se pretendía chegar a un público nacionalista non vascofalante, de maneira que co tempo se viu nos textos bilingües, con razón, unha dependencia da situación diglósica, polo que a publicación de libros só en lingua vasca, sen a pertinente tradución, foi saudada como un síntoma de normalidade. Pero a influencia mantívose, transformada, cando se editaban libros –fundamentalmente novelas– cun dicionario de termos que os lectores podían non coñecer. Hoxe en día ambos os dous costumes desapareceron. O que non significa que non haxa influencia da filoloxía.

É ben sabido no mundo vasco que as primeiras novelas se escribiron, segundo confesión dos escritores, non por un motivo narrativo, senón por un motivo lingüístico: é dicir, por reforzar ou cultivar a lingua vasca na que se escribían esas novelas. Pero a filoloxización adquire moitas caras, algunhas máis extremas.

Un caso especial represéntao Jon Etxaide (1920-1998), que editaba as súas novelas con amplas notas en torno á opción lingüística elixida, e que máis tarde foi corrixindo de xeito obsesivo os seus textos novelescos en edicións sucesivas e ampliando as notas, de maneira que a narración viña acompañada dunha reflexión metalingüística, en torno á lingua elixida e utilizada na narración.

A filoloxización nace cando no difícil equilibrio entre literatura e lingua se prima esta segunda en detrimento da primeira. Pero, eu diría que tras o caso de Jon Etxaide, existe unha recreación da filoloxización, tamén na novela vasca actual. En poesía a tendencia cara a unha linguaxe entendíbel rapidamente polo lector quebrou a tendencia cara á barroquización da linguaxe que era clara nos primeiros anos 80 e que se mantivo até os primeiros 90.

Na novela, as dúas características que produce a filoloxización son:

- A tendencia ao arcaísmo.
- O debate entre o léxico unificado e o léxico dos dialectos. A tendencia ao arcaísmo aparece, ao meu entender, nesa excelente novela da lingua que é *Otto Pette* (1993) (*Las últimas sombras*, 1996), de Anjel Lertxundi. Este escritor sempre defendeu que a modernidade se constrúe en diálogo coa tradición e que non hai novidade estilística sen coñecer ben os mecanismos que a tradición puxo en marcha. Trátase, pois, dun autor que reflexionou con profundidade e paixón sobre a linguaxe que debe utilizarse na creación estética vasca. A exploración dos valores expresivos da lingua que leva a cabo na novela embázase na tradución, porque é posíbel que a novela adquira a súa significación última dentro do sistema literario vasco, onde levou a cabo unha pequena revolución. A faixa promocional que os editores puxeron á novela: “Biharko klasiko bat” [Un clásico de mañá] poñía de manifesto, en cambio, a desconfianza que mostraban en torno á posibilidade de que o lector actual puidese acceder á totalidade de capital lingüístico empregado na novela. En fin, desconfianza que tamén dá para reflexionar en torno aos desequilibrios que unha literatura dunha lingua en situación diglósica produce con respecto ao horizonte de expectativas. Esa declaración de intencións, aínda que fose no humilde soporte dunha faixa publicitaria, mostra dúas caras, o traballo coa lingua que levou a cabo o escritor e o abismo que se pode crear entre autores e lectores nunha situación diglósica.

Outra novela de recreación filolóxica é *Lur bat baratago* (2000) (*Una tierra más allá*, 2002), de Joan Mari Irigoien, onde se recrea unha historia picaresca, utilizando o rexistro de lingua –vasca– do século XVII. A pesadez do estilo que aparece na novela debería advertir aos escritores do perigoso que pode resultar o uso indiscriminado da filoloxización nunha novela actual, e os problemas que causa o arcaísmo, cando non representa unha profunda reflexión sobre a lingua literaria.

O tema da utilización do léxico representa un debate de difícil solución, en canto que a lingua unificada –como antes dixemos– se circunscribe sobre todo á unificación ortográfica e ao complexo mundo da morfoloxía nominal e á tan variada verbal. Por iso, o léxico queda, en certo sentido, fóra da norma unificada. Dende logo, que existen palabras utilizadas en maiores espazos dialectais que outras, co que se tende a escoller para un léxico unificado aquelas palabras máis estendidas xeograficamente. Ou ás que teñan maior presenza na tradición. (Deixamos de lado aquí a elección dun vocábulo entre dúas palabras iguais, *barri* e *berri* [novo], por exemplo, en que se produce unha alternancia vocálica ou consonántica).

Un dos problemas creados pola filoloxización da literatura prodúcese a principios do século XX, cando o fundador do nacionalismo vasco, Sabino Arana, opta por un modelo de lingua afastado o máis posíbel do castelán. Iso produce unha tendencia purista na lingua, pero á súa vez, unha opinión favorable cara ao léxico marxinal (é dicir, dialectal) con tal de separarse de palabras que tivesen certo recordo da súa orixe latina ou románica. Non desdeñaron a creación de palabras, dende logo, pero palabras familiares, dialectais pouco coñecidas viñeron substituír a palabras máis utilizadas, pero romanizadas. Dende logo, a lingua unificada foi tamén unha corrección máis que unha reacción a esta tendencia.

Pero, en calquera caso, un escritor como Koldo Izagirre (1953) realizou declaracións no sentido de que as seis mil palabras incluídas no dicionario do léxico unificado non lle son suficientes para crear unha literatura, polo que propugna unha volta ao coñecemento dos dialectos como forma de “enriquecer” a linguaxe literaria, co que o debate puido volver abrirse.

Con respecto a este mesmo punto, os escritores do País Vasco francés, que probablemente crearan un subsistema diferenciado dentro do sistema vasco, utilizan unha linguaxe literaria que se diferencia claramente do unificado, pode dicirse que teñen unha bula especial para non utilizar unha lingua unificada, á vez que o dicionario que utilizan está máis próximo ao seu dialecto propio, mentres que a mesma actitude dun escritor biscaíño sería cualificada de negativa, tanto porque o biscaíño foi a base desa lingua purista proposta polos nacionalistas a principios do século XX, como porque a reacción contra a lingua unificada proveu de escritores e falantes deste dialecto nos anos 60, tamén do século XX.

Debo dicir, non obstante, que a tendencia á filoloxización e ao arcaísmo poden observarse en literaturas maiores como a castelá. Cando lemos a Miguel Delibes na súa novela *El hereje* non cabe pensar nunha filoloxización da súa lingua? Pero a diferenza reside quizais no pacto entre lector e autor. Ese pacto (en certo sentido tamén lingüístico) sería máis normal en tradicións literarias con máis historia e máis tradición, é dicir, nun sistema en que o lector teña xa certo hábito a se atopar con variantes arcaizantes da lingua. E resultará un pacto máis difícil en linguas nas que o lector non se afixese, por falta de tradición, de hábito ou de educación escolar, aos cambios de linguaxe estilística por parte do autor.

Pero este é un tema que ten continuación no seguinte punto.

A importancia neurótica concedida á lingua

Esta é outra desas características que está explicada no apartado anterior. Quizais poida matizarse nalgún sentido. No sentido da utilización dos rexistros da lingua, no da invención de rexistros que non se realizan en lingua vasca e que a obra literaria ten que representar sen que sexan realizados na realidade en lingua vasca, por exemplo, ou na afección clara pola lingua.

Produciríase neurose no caso dos puristas e dos aranistas, é dicir, dos seguidores nacionalistas de Sabino Arana, que propugnaron unha lingua afastada o máis posíbel do castelán, que tamén se afastaron da fala cotiá e da tradición, creando por iso unha neolingua.

O éuscaro unificado non é unha neolingua, precisamente porque as súas bases están nunha tradición, que no caso dos tan diferentes e distanciados dialectos da lingua vasca poden contentar a todos, optouse por unha norma central, baseada no guipuscoano e no labortano, e deixáronse de lado os dialectos que se sitúan nas marxes, o biscaíño, a pesar do seu compoñente demográfico, o suletino e o navarro.

Pero, en fin, estas explicacións non deben illar o problema fundamental que se presenta na literatura vasca en torno á preocupación pola linguaxe. De feito, no momento en que se pon en marcha o éuscaro batua, existe unha presión cara á gramaticalización da lingua, á busca de tradicións literarias máis

estrañas que as propostas no batua: así prodúcese unha valoración especial das formas gramaticais, dos verbos estraños, dos hapax, da tendencia clara ao arcaísmo, que xa explicamos. De feito, unha das obras máis vendidas estes últimos anos en lingua vasca é *Euskal Gramatika osoa* [Completa gramática da lingua vasca], de Ilari Zubiri. A busca dunha rectitude na linguaxe tivo como consecuencia a publicación de varios prontuarios sobre as incorreccións que se realizan na linguaxe oral, na linguaxe cotiá, como *Erderadakak* [Erderismos] (1988), de Gotzon Garate, que leva o ilustrativo subtítulo en tradución ao castelán de *Diccionario para hablar bien el eusquera con ejemplos de las siete provincias*, ou obras como *Euskara batuaren ajeak* [As preocupacións do éuscaro batua] (1997) con amplas edicións en pouco tempo, e tamén deben citarse neste apartado os libros de estilo dos distintos xornais e televisións que se imprimen ou expresan en lingua vasca. Todos eles aseguran que a reflexión sobre a lingua, non esquezamos que os primeiros poboadores eran todos gramáticos, mantén unha dura presión sobre o escritor, de maneira que as normas –cambiantes segundo se trate dunha época normalizadora, ou outra máis permisiva– da Academia da lingua producen nos escritores certa incomodidade e unha sensación de non acertar nunca coa forma correcta.

Esa presión, converteuse en neurose? Ás veces si. Pero polo xeral, o escritor sabe que se produciron tamén de tranquilidade. O auxe da narrativa e da novela levou á literatura a linguaxe social, fronte á lírica que representaba unha linguaxe persoal, nos momentos en que a minorización da lingua era máis acusada e extrema. De forma que ese motivo leva os escritores a preguntarse polos rexistros.

Bernardo Atxaga, tras a publicación de *Gizona bere bakardadean* [O home só] (1991), definiu dous estilos de creación na lingua. O modernista e sublime que utilizara en *Obabakoak* (1988), ao que chamou, en metáfora apropiada, estilo *Mercedes*, e o estilo da nova novela, o estilo *jeep*, que é máis robusto e permite chegar a máis sitios da realidade, aínda que o seu aspecto sexa menos elegante e algo máis bruto.

Esas metáforas marcan unha situación onde non existe neurose. Pero as críticas que recibiu a utilización desa linguaxe mostran ás claras que era un dos poucos que entendían un uso correcto, pero modificado da linguaxe.

Efectivamente, cambiara a percepción: non só era un problema de lingua, era un problema de rexistro. E tamén de diglosia. Como debe expresarse na

ficción en lingua vasca alguén que na realidade non fala normalmente nesa lingua? A pregunta básica é, como debe falar un garda civil ou un policía nacional nunha novela en éuscaro? Aquí tamén, a normalización foi cambiando a percepción das posibilidades narrativas e lingüísticas. Por exemplo na novela *Ebun metro* [Cen metros], de Ramon Saizarbitoria (1975), os policías expresábanse en castelán dentro da ficción en éuscaro, e o lector non concibía que puidese ser doutro xeito. Agora, e non sei se as dobraxes en televisión axudaron ou facilitaron a impresión distinta, os gardas das novelas vascas exprésanse en éuscaro, iso si, con certo ton de rudeza e sen asomo de amabilidade. Pero o tópico é suficientemente manido, para non se dar conta de que a maioría de cargos políticos nacionalistas se expresan na realidade en castelán. A ficción asumiu xa que o cargo político nacionalista pode falar nese nivel en lingua vasca, cando a realidade di que ningún dos alcaldes das capitais vascas (tres?, catro?) saben éuscaro, polo que se expresan en castelán. Estamos pois, non tanto na representación da realidade, senón na representación da verosimilitude. E a representación traballa con arquetipos, e un deles dita que os cargos nacionalistas poden expresarse en éuscaro, aínda que non o fagan habitualmente, senón simbolicamente. Unha das últimas enquisas sobre o uso do éuscaro acaba de constatar que existe unha preocupación pola calidade da lingua, que, ao parecer, cada día é peor, e sinala que o castelán serve para comunicarse e o éuscaro mantén un signo político e simbólico (*El País. País Vasco*: 5 de outubro de 2004).

Non é estraño que con esa constatación os escritores, e máis en concreto, os novelistas vascos, teñan problemas para representar os rexistros sociais que non se expresan en éuscaro. Unha das súas preocupacións baseouse nos últimos anos na representación do argot marxinal dos drogadictos, por exemplo, das clases marxinaadas, que nalgúns lugares si que se expresa en lingua vasca (por exemplo en Ondárroa), pero resultaba un rexistro inintelixíbel noutro lugar do País Vasco.

Todos recordan os momentos en que lemos literatura armados dun dicionario, eran anos de aprendizaxe, por suposto, pero recordamos tamén os escritores que escriben para que os leamos armados de dicionario, cando non utilizan un dicionario castelán/éuscaro para escribir.

Todos estes signos apuntan á importancia da relación entre lingua e literatura na paisaxe dunha literatura escrita en lingua minorizada.

A falta de horizonte de expectativas

Segundo a descrición de Antón Figuroa:

Unha situación coma a da lingua galega onde de feito se utilizan polos falantes gran número de castelanismos (que na comunicación literaria poden ser ou non interpretados coma tales por autores e lectores..., coas conseguíntes consecuencias en lectura e escritura), onde as variantes dialectais son grandes, onde hai toda unha serie de hiperenxebrismos absurdos –pero tamén admitidos por boa parte dos falantes como norma–, onde mesmo a veces se oe reivindicar illadamente a posibilidade de inventar palabras e normativas individuais, etc., etc., unha situación lingüística como esta, dicimos, incidirá directamente na comunicación literaria de maneira moi grave. Frecuentemente autor e lector non saberán a que aterse. O autor no controlará o *minimum* habitual das reaccións do lector (Figuroa, 1988: 28).

Creo que este parágrafo resume de xeito atinado o que describimos até agora. O meu primeiro mestre, Mikel Zarate (1933-1975), tivo unha certeza de como ían as cousas cando nun artigo comparou o acto de escritura co deporte dos birlos, e sinto a comparación, pero el referíase á concentración no intento. Un envía un birlo e pode que saiba ou non que chega ao lector; se sente que non chegou, debe ensaiar outra vez, até conseguir unha comunicación co lector ideal e co lector real. Mikel Zarate escribía nunha época en que a relación co lector era problemática. A oposición éuscaro aranista/éuscaro popular estaba a cambiar por éuscaro batua/éuscaro popular, que non era exactamente a mesma oposición, explicámolo antes, porque había unha tradición que lexitimaba o éuscaro batua, pero que non era a tradición nin oral nin escrita de Biscaia, e o dialecto biscaíño, polo que Mikel Zarate se atopaba nunha situación conflitiva. Esta comparación, sexa todo o rural que se queira, ou se tamén se quere ideolóxica –o PNV trataba de controlar o éuscaro biscaíño fronte a un éuscaro apoiado por sectores máis progresistas (as urnas decidiron despois que o País era conservador e que apoiaba ao PNV, aínda que este non o tivese claro en 1977–, manifestaba unha relación na que o escritor non sabía como ía reaccionar o lector, e víase obrigado ao ensaio verbal e estilístico permanente. Esa é a confesión máis palpábel, sempre segundo a miña interpretación, de que o escritor e o lector carecían dun horizonte de expectativas común.

Bernardo Atxaga, a quen se cita aquí por ser un dos escritores vascos máis coñecidos, confesou que el imaxina os lectores reais coma se lles estivese a ler

nun teatro público, e que esa imaxe lectora o axuda na formación do seu estilo literario, esa dobrez, ese cambio de perspectiva na lectura pública que lle permite ser “o outro”. É outro signo no que a estabilidade dos “horizontes de expectativas” son cambiantes.

Hai obras en éuscaro mal lidas? Por suposto que as hai. Os escritores quéixanse a miúdo de que os lectores –ou os críticos– non entenderon a súa intención irónica. Xa sabemos que a ironía escrita é o máis difícil de entender.

A traxectoria dos escritores

Se os escritores manteñen traxectorias descontinuas, se editan con dificultade e con anos entre unha obra e outra, o lector pode ter dificultade en seguir o “horizonte de expectativas” proposto por un autor. Creo que o caso é ben certo. A falta de comunicación adoita levar canda ela malentendidos.

84

Cando o sistema literario é débil, o autor pode atopar dificultades para publicar a súa obra, en primeiro lugar, e despois para distribuíla. Sei que cando os sistemas literarios son máis fortes, como sucede neste momento co vasco, as dificultades para publicar e para manter unha traxectoria, é dicir, unha comunicación normal co lector, poden ser máis levadías, se non normais, como pode suceder na actualidade no sistema literario vasco. Pero non son un optimista dos sistemas literarios e sei que cando os sistemas literarios se fortalecen obrigan aos autores tamén a unha sobreprodución, a famosa novela ao ano que tan ben lle vai á máquina editorial que non pode parar –porque entre outras cousas debe pagar a estrutura que puxo en marcha. Ramon Saizarbitoria, que foi partícipe na creación dun sistema editorial que podía considerarse normalizado, sempre conta que cando el comezou a escribir e a publicar nunca puido soñar coa situación que vive a literatura vasca. É certo que, malia as súas dificultades, o sistema literario vasco, o sistema industrial, o sistema editorial, non vai errado. Pode supoñerse, e así o fago eu, que a bonanza provén de que as editoriais gañan cos libros de texto, pode ser verdade, como o é tamén que a literatura tivo que buscar sempre os seus mecenas, sexan conxugais ou escolares.

A situación actual na literatura vasca fai que os autores de certo éxito teñan asegurada a súa traxectoria literaria: é dicir, normalizada a súa edición. Pero

non hai moitos anos, en poesía, os primeiros 80 foron un momento excepcional, os autores dun só libro eran abundantes. O autor dun só libro, con todos os respectos para aqueles que nunha soa obra recrearon un mundo, nunha literatura minoritaria, adoita ser un signo de debilidade do sistema. Aínda poden atoparse autores dun só libro, pero non é o máis común. O que se adoita facer é seguir co libro que se pode ler na escola, pero ese é outro tema.

A continuidade en literatura vasca, polo menos entre autores canonizados, significa que a falta de traxectoria, ou polo menos, a ausencia na publicación non signifique que o autor sexa esquecido. De feito, autores que publicaran entre os finais dos 70 (Ramon Saizarbitoria) ou os primeiros anos 80 (Koldo Izagirre) e volveron retomar a súa carreira literaria a principios dos 90, despois de máis dunha década de silencio, foron eloxiados por ser capaces de manter a dignidade literaria fronte ao mercado, de gardar silencio en esixencia da súa obra. O cal é certo.

Tamén é certo que me apartei do tema e que o tema neste momento é a dificultade que a falta de traxectoria impón á lectura do lector. E que o autor debe reiniciar a súa comunicación co lector, recrear o seu “horizonte de expectativas” cada vez que se publica un libro.

85

Fronte á idea positiva que acabo de realizar, cabería engadir que nunha situación complexa como a que veño describindo existen, si, autores sen traxectoria, autores que gañan un premio e despois desaparecen, autores que se meteron en literatura como aqueles escritores de principios do XX, máis por salvar a lingua que por un método literario. Quizais sexan menos que nos anos oitenta, pero non desapareceron os autores ocasionais.

Facendo un *excursus* debería reflexionar sobre o feito de que o libro de Antón Figuerola traballa sobre a relación entre autor e lector nunha situación diglósica, e que este traballo trata na súa descrición dos elementos máis superficiais desa relación para realizar unha descrición da actual situación da literatura vasca dende a metodoloxía proposta, ou dende unha lectura da metodoloxía proposta.

Sentido lúdico e sentido épico

É posíbel que se trate dunha das características básicas na armazón literaria do sistema en éuscaro. En efecto, quizais por un desenvolvemento político

que marca as fronteiras da identidade e pola sobrevivencia do terrorismo, ou pola situación de sufrimento en que pode atoparse unha parte da poboación, máis o discurso que se realiza sobre iso, que pode representarse ás veces como hexemónico. A representación dos feitos pode ter neste contexto maior importancia que a constatación obxectiva do fenómeno. Neste contexto altamente politizado, é doado imaxinar que a ironía non ten moito lugar. De feito adoita representar un campo de estilo en que aparecen dificultades para a súa correcta identificación por parte do lector.

Por iso, quizais o primeiro que debe comentar o analista é a pregunta subxacente fronte á valoración que se realiza nesa frase: sentido lúdico fronte a sentido épico: por que se supón que o sentido lúdico é máis estético que o sentido épico?; por que se dá por sentado que o sentido da ironía é máis contemporáneo, que o é, que o sentido épico? Realizar esta pregunta puido supoñer que damos por sentado que a característica do desequilibrio das formas tipolóxicas no tempo é afirmar en suma, que formas periclitadas noutros sistemas literarios (como a épica) están presentes na literatura vasca.

86

Por iso, coido que debe ofrecerse unha primeira explicación sobre o tema. En opinión de Antón Figuroa, toda obra literaria é comprometida co seu tempo, porque lle resulta imposible desatarse das condicións históricas na que se inscribe. E tamén é comprometida porque a literatura pretende ser nova, renovadora das condicións estéticas que a sociedade solidifica. Polo tanto, comprometida coa propia renovación das condicións estéticas que a sociedade solidifica. Pero nunha sociedade cunha tendencia a manter divisións políticas, a seguir vieiros paralelos, non está nada claro onde atopa o “oficial” e o “renovador”, o novo e o establecido, sobre todo cando o revolucionario e o reaccionario poden cambiar as súas máscaras. Esta confusión e desorientación poden ser a causa de que no sistema literario vasco se publiquen tantos libros que se refiren no seu título aos mapas, como *Galderen xeografía* [Xeografía das preguntas] (1997), de Felipe Juaristi, ou *Kartografía* [Cartografía] (1998), de Rikardo Arregi Díaz de Heredia.

Como nunha sociedade na que o sentido épico está encadrelado na conciencia literaria cabería reflexionar no sentido lúdico, como nunha posibilidade de creación literaria unida á teoría dos mundos posibles, de forma que o texto represente unha produción creada a través das leis da imaxinación e non dunha creación de leis previamente impostas ao texto, de maneira que sentido

lúdico significaría, neste contexto, a posibilidade de creación de universos novos, e nese punto poderíamos reclamar para ela unha grandeza, unha superioridade sobre a épica.

Pero a ironía, ademais do seu sentido lúdico no xogo de palabras, como as que habitualmente realiza Atxaga, mantén outra significación:

A experiencia estética distínguese doutras funcións do mundo vivido pola súa temporalidade propia: fai “ver novidoso” (*voir neuf*) e así, ó descubrir, procura un presente pleno; leva a outros mundos imaxinarios e así suprime no tempo as ataduras do tempo; é tamén anticipación de experiencias futuras abrindo así o espazo lúdico do posible; fai recoñece-lo pasado e o inibido conservando así o tempo perdido. No que toca a comunicación, a experiencia estética permite o espectador mante-la distancia que lle asigna o seu estatuto de espectador, pero tamén lle permite identificarse ludicamente co que el debería ou lle gustaría ser, permite gozar daquilo que na vida real sería difícil de obter ou de soportar (Leehhard-Jozsa, 1982, cito pola obra de Figueroa).

Así o sentido lúdico interpretaríase como unha nova forma de abrir interpretacións dentro das obras literarias. Antón Figueroa refírese ao mesmo sentido cando no seu libro fala de que nunha situación diglósica a lectura non toma elementos de imaxinación e liberdade, senón que toma o risco de:

non levar a mundos imaxinarios, senón a quedar na preocupación inmediata, corre o risco polo menos de non poder imaxina-lo futuro, como espazo lúdico senon como conflito, corre o risco de añora-lo pasado como idade de ouro e como tempo realmente perdido en vez de recrealo dende o presente como un *temps retrouvé*. En definitiva, a experiencia estética corre o risco de diluírse nun destes dous extremos: ou na preocupación inmediata ou nun pasado mítico ahistórico (Figueroa, 1988: 47).

Nunha situación de sociedade dividida como a nosa, as dúas últimas frases resultan moi operativas: a preocupación inmediata, ou a busca dun pasado mítico ahistórico.

Cal é a preocupación inmediata? Eu diría que existen dúas preocupacións inmediatas: o reflexo e a mención, e non a análise profunda do que se chama conflito vasco e que na práctica suxire un apoio ás teses da chamada esquerda nacionalista, con algunha mención á loita armada de ETA, ou á presenza de militantes desa organización.

En segundo lugar, xa nos referimos a iso, queda o que Koldo Mitxelana chamou “nigar haría”, é dicir, a “longa marcha da bágoa, do choro”, do choro do vitimismo, pero tamén do permanente lamento en torno á morte do éuscaro. O concepto de “agonía da lingua” únese ao da “agonía do pobo vasco” porque identificamos lingua e identidade e porque sempre se unen –en concepción romántica neste pobo. Pero o sentido de agonía únese ao concepto de “conflito”. Unha das palabras máxicas do nacionalismo vasco. Polo tanto, a literatura debe contar a agonía, a loita, o conflito, e derivar cara a unha literatura de sentido épico.

Tomemos o concepto de conflito e pensemos en como se metaforiza: metaforízase, por exemplo, na utilización da guerra carlista como unha metáfora dos tempos actuais, nunha identificación que chama aos terroristas, “gudaris”, é dicir, soldados dun exército nacionalista que loitou contra o franquismo. Pero dende a linguaxe cotiá a metáfora leva a falar dos tempos actuais aludindo ás guerras carlistas. Ese é o *topos* literario común para falar dunha situación de conflito: as guerras carlistas serven de momento para falar da actualidade, aínda que é posíbel que as connotacións sexan moi diferentes.

88

En poesía poden atoparse outra serie de afirmacións. Voume referir a dous elementos que me parecen claves. Un dos grandes debates da poesía vasca xurdiu cara a 1996, cando un director de colección literaria nunha importante editorial chamou excesivamente “eme” [feminina, branda] á poesía que se escribía neses momentos. Está claro que por oposición, a poesía viril, é a poesía épica.

Se pasamos á consideración das metáforas utilizadas na nova poesía, podemos atoparnos con referencias bélicas moi marcadas. Por exemplo, Gari Berasluz publicou *Azaro urruneko intifadak* [As intifadas dos afastados novembro] (1996), onde intifada funciona como metáfora da resistencia, palestina nun caso, identitaria vasca no outro, e novembro fai referencia á morte do dirixente de HB Josu Muguruza en Madrid; *Bala zeru urdina* [Bala ceo azul] é un poemario de Xabier Aldai e *Borroka galduetatik gatoz* [Nacemos de batallas perdidas] é unha recompilación das batallas perdidas pola utopía, unha acusación ao sistema acomodaticio dos pais que renegaron das utopías do 68. En fin, o fío semántico presente nestas referencias podería servir para remarcar o proceso importante de ideoloxización e de épica que pode respirarse en certa poesía vasca, que eu, seguindo a Bárbara Harlow, chamo “poesía da resistencia”.

Outro tema de debate cultural pode recrearse en torno á utilización da novela histórica no contexto vasco. É máis que á novela histórica clásica á novela histórica dos tempos recentes, máis claramente á que se desenvolve na ficción dende 1936 aos nosos días. Esta marca temporal non supón que se pospoñan outros acontecementos e marcos históricos, senón que se propón que nese marco temporal a ideoloxización da historia é máis marcada. Realmente, calquera narración histórica é unha metanarrativa, unha recreación da ideoloxía que dende a narración histórica –quizais outra ficción– se desenvolve como metáfora da posición que o autor pretende desenvolver.

Se xa a historia, a narración histórica, resulta unha narración ideoloxizada e, polo tanto, sempre se destaca que os nacionalismos manipulan a historia –a narración histórica– achegándoa aos seus intereses, o debate pode reabrirse posto que toda nación constituída realizou unha lectura da historia, unha recreación dunha tradición que se computa como central e que reúne en torno a si os habitantes da nación. Deixarei aquí o debate, porque á súa vez pode pensarse que nestes momentos as nacións establecen lecturas irónicas –dende a ficción novelesca, por exemplo– dos mitos de orixe, e que xa non é a lectura da historia, como no século XIX, a que reúne os habitantes. Como se ve, o debate en torno á historia pode ramificarse de xeito complexo.

89

O que me interesa subliñar é que a literatura vasca recreou unha historia como metáfora dos conflitos. Así, a localización nas guerras carlistas, vímolos en *Babilonia*, de Joan Mari Irigoien, significa unha metáfora do conflito actual. O terrorismo de ETA, é unha guerra carlista? Xa Carlos Marx confundira os carlistas con marxistas, pero manter esa confusión é moita esaxeración. Pero ese tópico narrativo funcionou: falamos das guerras carlistas porque non podemos ou sabemos situar na contemporaneidade a ficción conflitiva.

A importancia da novela histórica situada na época franquista é moi importante, porque no fondo mantén, como o fai a organización terrorista, que a contestación antidemocrática e a antifranquista son a mesma cousa, claramente outra esaxeración, en opinión deste autor.

Realmente na novela histórica da época recente a ideoloxía, ademais da épica que xa comentamos, é máis transparente. Como o é tamén a mistificación histórica. Por exemplo en *Azken fusila* [O último fusil] (1993), de Edorta

Jiménez, mestúranse realidade (a visita de Franco ao pobo natal do escritor) e a ficción (un intento de asasinato do ditador levado a cabo por un maqui republicano). Ben, neste pequeno resumo da acción, podemos facer preguntas: Por que un maqui republicano, quizais por unha negación do nacionalismo tradicional? Por que narrar unha acción que non sucedeu? Quizais o debate sobre a utilización da historia na ficción podería levarnos a conclusións relevantes no campo que estamos a estudar: a presenza da épica na literatura minorizada.

Unha última reflexión como conclusión

Deseñamos unha situación complexa da literatura vasca, atendendo a elementos enfrontados. Tras a descrición podemos ofrecer unha dobre conclusión.

90

- a) En primeiro lugar, o esquema de debate ofrecido por Antón Figuroa no seu libro resulta útil para achegarse á descrición no debate vivo e desenvolvido na literatura vasca, pero mostra algúns puntos en que o traxe non serve para vestir o sistema literario. Que sucede? Paréceme que o esquema desenvolvido se une, ás veces inconscientemente, cunha literatura minorizada que responde a factores culturais presentes no romanticismo. Non se pode negar que a corrente romántica é importante no desenvolvemento das literaturas minorizadas, que comezaron, polo menos, en España, o seu desenvolvemento no século XIX grazas á influencia dos románticos alemáns, afirmación que tamén alcanza o nacemento da literatura romántica en lingua castelá. Por iso algunhas das características aquí apuntadas, como por exemplo a pervivencia do folclore e a etnografía, poden verse como periclitadas, ou polo menos como pouco representativas e hexemónicas dentro do sistema. Penso que canto máis cerca estea o sistema literario da percepción romántica da literatura, máis operativo será o esquema que aquí aplicamos. Ou máis definitivo, porque a súa operatividade móstrase tamén a través dos elementos de discusión que aquí establecemos, é dicir, que tamén no debate pode verse a súa operatividade.
- b) En segundo lugar, o sistema literario é un proceso histórico, cambiante e en evolución continua, e non afirmo que o autor que seguimos non o conciba así, moi ao contrario. O que intento significar é que nun proceso de normalización da literatura, con todas as salvidades que poidan describirse no proceso no caso da literatura vasca (falta de lectores, curta vida das obras

nas librarías e na memoria dos lectores, procesos inchados de publicidade), a maior normalidade e consistencia da conciencia social sobre a lingua e a literatura, entón máis afastado mostrarase o sistema literario das características que aquí presentamos. Se algúns dos puntos aquí considerados necesitaron dun desenvolvemento máis extenso e matizado, dentro do espazo ofrecido, é porque existen diferenzas entre o sistema literario vasco e o galego (aínda que tamén podería falarse de coincidencias, evidentes). No proceso histórico de normalización da literatura (a través do sistema escolar, todo hai que dicilo) canto menos diglósica sexa a situación do sistema literario, entón maiores matizacións haberá que inserir no esquema que desenvolvemos aquí. Que é precisamente o que intentamos: unha visión equilibrada da situación do sistema literario da literatura en lingua vasca.

Jon Kortazar

Universidade do País Vasco

91

Bibliografía

- Even-Zohar; Itamar. 1990. "Polysystem Theory". *Poetics Today*, 11, 1, pp. 1-96.
- 1999. "Factores e dependencias na cultura. Unha revisión da teoría dos polisistemas", en *Teoría dos polisistemas*. Madrid: Arco.
- Figueroa, Antón. 1988. *Diglosia e texto*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 1995. "Literatura, sistema e lectura". *Anuario de Estudios Galegos 1994*.
- 1996. *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- González Fernández, Helena. 2001. "Literatura galega de muller: unha visión sistémica". *Anuario de Estudos Literarios galegos 1999*, pp. 41-67.
- Leenhardt, Jacques e Pierre Jozsa. 1982. *Lire la lecture*. Paris: Le Sycomore.
- Vilavedra, Dolores. 1999. *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.

Zavala, Iris. 1993. "As formas e funcións dunha teoría crítica feminista. Feminismo dialóxico", en *Breve historia feminista da literatura española (en lingua castelá) I. Teoría feminista: discursos e diferenzas*. Barcelona: Antrophos /Comunidade de Madrid, pp. 13-76.